

CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n
27240 Meira
(Lugo)
Teléf/Fax.: 982 330 102
CIF: P2702900H
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



Concello
de Meira

ANUNCIO**OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2024 DO CONCELLO DE MEIRA**

Mediante Acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Meira de data 06.05.2024 levouse a cabo a aprobación da oferta de emprego do ano 2024 e cuxas características son as que se sinalan a continuación:

1.- Persoal Funcionario:

Denominación	Número de prazas	Forma de provisión	Grupo	Subgrupo	Escala	Complemento de destino
Administrativo/a de Administración Xeral	1	Concurso-oposición na quenda de promoción interna	C	C1	Administración xeral	22

2.- Persoal Laboral:

Denominación	Número de prazas	Relación xurídica	Forma de provisión	Grupo
Operario de servizos múltiples	1	Persoal laboral fixo	Oposición Libre	V
Peón de servizos varios	1	Persoal laboral fixo	Oposición Libre	V

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da súa publicación, ó abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, consonte ó disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xuño da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo dun mes segundo establece o artigo 124.2 da Lei 39/2015, entendéndose desestimado polo transcurso do dito prazo sen resolución expresa notificada, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo, consonte ao establecido no artigo 46.1) e 4) da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que as persoas interesadas estimen procedente conforme a Dereito.

Meira, na data da sinatura electrónica

O Alcalde

Asdo. Antonio de Dios Álvarez